

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MUSICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

XI CONCURSO SOLISTAS

CURSO 23-24



INSCRIPCIÓN ONLINE
DO 8 AO 15 DE XANEIRO

WWW.CONSERVATORIOSANTIAGO.GAL

CMUS.SANTIAGO@EDU.XUNTA.GAL

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela convoca o **XI Concurso de Solistas.**

O concurso ten como finalidade brindarlle a oportunidade ao alumnado do centro de tocar como solista con orquestra ou banda.

Unha edición máis, os gañadores participarán como solistas coas agrupacións do centro, a Orquestra Sinfónica, a Banda Profesional e a Banda Xuvenil e tamén coa Banda de Música Municipal de Santiago, unha das entidades musicais máis representativas da nosa cidade.

Colaboran



Bases de participación

1. Poderá participar no concurso o alumnado matriculado en calquera especialidade no CMUS Profesional de Santiago de Compostela no curso 2023-2024.
2. Existen dúas categorías:
 - Categoría Xuvenil: alumnado ata os 14 anos cumpridos durante o 2024.
 - Categoría Solista: alumnado a partir de 15 anos cumpridos durante o 2024.
3. **Preselección:** enviar unha gravación audiovisual coa interpretación dunha obra, movemento ou fragmento de libre elección, cunha duración máxima de 5 minutos. Gravarase nunha soa toma, sin ningún corte nin retoque de edición e a unha distancia na que se identifique claramente ao solista. O nome do arquivo será co nome completo do intérprete e obra que interpreta.
4. O programa a presentar incluírá repertorio para instrumento solista e poderá constar de unha ou varias obras, completas ou movementos soltos. Con ou sen acompañamento de piano. Quedan excluídas outras agrupacións como dobres concertos, tríos, cuartetos, etc.
5. A duración do programa terá un tempo máximo de 10 minutos para a categoría Solista e de 5 minutos máximo para a categoría Xuvenil.
6. As/os gañadoras/es do 1º Premio en edicións anteriores do Concurso non se poderán presentar na mesma categoría.
7. Para poder participar é necesaria a autorización do/a titor/a, si o/a titor/a observa que o/a alumno/a non acada os requisitos mínimos para participar, este será excluído do concurso.
8. O pianista acompañante terá as partituras das obras a interpretar antes do 20 de decembro de 2023 para a categoría Solista e 12 xaneiro para a categoría Xuvenil.
9. O alumnado admitido deberá enviar as obras en pdf ao correo-e do centro, cmus.santiago@edu.xunta.gal antes do 25 de xaneiro.

Proceso de inscrición e prazos

1. Inscrición online a través de www.conservatoriosantiago.gal
2. Prazo de inscrición e envío gravacións: do 8 a o 15 de xaneiro.
3. Enviar as gravacións a través de www.wetransfer.com ao correo do centro cmus.santiago@edu.xunta.gal
4. Resultado preselección (**máximo 10 concursantes por categoría**): venres 19 xaneiro
5. Lista definitiva de admitidas/os e convocatoria das probas: luns 22 de xaneiro.

Datas do concurso

- a. 31 de xaneiro e 1 de febreiro de 2024, en horario de tarde.
- b. A orde de participación publicarase no taboleiro e na web do centro (www.conservatoriosantiago.gal).
- c. Publicación dos resultados: 1 de febreiro, no taboleiro e na web do centro (www.conservatoriosantiago.gal).

Xurado do concurso

1. Estará composto por cinco persoas. Poderá incluír un representante da Banda de Música Municipal de Santiago.
2. As decisións do xurado serán inapelables. O xurado pode declarar como deserto o concurso.
3. A entrega de premios celebrarase no concerto de fin de curso.

Premios

Categoría Xuvenil

1º Premio

- Participar como solista nun concerto coa Orquestra Sinfónica ou Banda Sinfónica/Xuvenil do CMUS.
- Cheque-agasallo de 100 euros a cambiar por material musical.

2º Premio

- Cheque-agasallo de 75 euros a cambiar por material musical.

3º Premio

- Cheque-agasallo de 50 euros a cambiar por material musical.

Categoría Solista

1º Premio

- Participar como solista nun concerto coa Banda de Música Municipal de Santiago ou coa Banda/Orquestra Sinfónica do CMUS.
- Cheque-agasallo de 150 euros a cambiar por material musical.

2º Premio

- Participar como solista nun concerto coa Banda de Música Municipal de Santiago ou coa Banda ou Orquestra Sinfónica do CMUS.
- Cheque-agasallo de 100 euros para a cambiar por material musical.

3º Premio

- Participar como solista nun concerto coa Orquestra Sinfónica ou Banda Sinfónica/Xuvenil do CMUS
- Cheque-agasallo de 75 euros para a cambiar por material musical.

Obrigas para o alumnado premiado

- 1.** Os/as gañadores/as comprométese a participar como solistas no concerto programado durante o curso actual ou no seguinte coa agrupación que o xurado propoña, así como a asistir aos ensaios previos que marque o/a director/a da agrupación.
- 2.** O repertorio para o concerto como solista non necesariamente será o mesmo que o interpretado durante o concurso. A obra a interpretar no concerto acordarase entre o/a titor/a do/a alumno/a e os/as responsables da agrupación correspondente (Banda Municipal de Santiago, Orquestra Sinfónica, Banda Profesional ou Xuvenil do centro).
- 3.** No caso de que un dos/as gañadores renuncie participar no concerto como solista poderá perder o dereito ao premio. Neste caso poden sufrir cambios os concertos asignados aos demais premiados.
- 4.** A inscrición no concurso implica a autorización ao CMUS Profesional de Música de Santiago a que se poidan facer fotografías ou vídeos e facer uso de esas imaxes, no exercicio as funcións educativas, na web do centro, redes sociais, etc.